

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2012.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de decembro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS (con retraso). (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 28.11.2012.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2012 AO 17.12.2012.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2013.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2013 E CADRO DE PERSOAL.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2013 (POS 2013).

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REGULAMENTO DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NAS ACTIVIDADES E SERVIZOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E LICENZA DE APERTURA.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO DUNHA FINCA.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPLEMENTO DE PRESTACIÓNS AO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 14.12.2012, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que en casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que o orzamento do Concello para o ano 2013 se encontra practicamente elaborado na súa totalidade, atopándose pendente soamente duns pequenos detalles que se rematarán en principio ao longo da mañán do día de hoxe, e resultando que hoxe debería convocarse á comisión informativa para o día 18 e o pleno para o día 19, non dando tempo a ter a documentación deste asunto a disposición dos concelleiros.

Resultando que no mes de decembro o pleno ordinario corresponde celebralo o día 19 de decembro e non está prevista a celebración doutro pleno neste mes, agás circunstancias imprevisibles, e non parece razoable celebrar outro pleno para tratar un único punto na orde do día, e en virtude do principio de eficiencia polo aforro que supón esta medida nos actuais tempos de crise xeralizada, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 19 de decembro ao 21 de decembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da Alcaldía.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 28.11.2012.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 28 de novembro de 2012.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2012 AO 17.12.2012.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

11.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.007,69 euros (Comercial Rivas SL).

11.10.12.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para socorrismo 2012.

11.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 84.036,72 euros (facturas varias).

11.10.12.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para escolas de música públicas non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

15.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 198,52 euros (axuda emerxencia).

15.10.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 32,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

15.10.12.- Autorización e disposición do gasto sen a debida xustificación por 250 €, (alfombras antideslizantes para baños e aulas da Escola Infantil Municipal).

15.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.500,00 euros (asistencia sesións concelleiros no 3º trimestre 2012).

15.10.12.- Inicio expediente de limpeza en Av/ de Noia.

15.10.12.- Inicio expediente de limpeza en Cantelar.

16.10.12.- Inicio expediente de limpeza en Estrar.

16.10.12.- Aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar.

16.10.12.- Aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para contratar a instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol.

16.10.12.- Nomeamento do funcionario Javier Nieves González, como interventor accidental do Concello durante o prazo: do 16 ao 21 de outubro.

17.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

17.10.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 20,07 euros (actividade da escola de música).

19.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 716,86 euros (Helvetia Suiza SA).

- 19.10.12.- Inicio expediente sancionador tráfico.
- 19.10.12.- Inicio expediente sancionador tráfico.
- 22.10.12.- Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo: do 22 de outubro ao 5 de novembro.
- 22.10.12.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 12/2012.
- 22.10.12.- Adxudicar á empresa Espina & Delfín S.L., a execución do contrato de obras de: Supresión de fosas sépticas e conexión destas á rede xeral de saneamento, no lugar de Romarís, polo prezo de 40.400,00 €, IVE incluído.
- 22.10.12.- Aprobación inicial do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2012.
- 23.10.12.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondente aos anos 2011 e 2012 que figuran a nome dunha veciña.
- 24.10.12.- Inicio expediente limpeza en Nináns.
- 24.10.12.- Inicio expediente limpeza en Gronzo.
- 25.10.12.- Finalización expediente reposición da legalidade urbanística tramitado no lugar de Busto de Frades por terse restaurado a mesma.
- 25.10.12.- Desestimar as alegacións presentadas Mª Concepción Freire Baameiro e fixar a indemnización polos elementos distintos do solo afectados como consecuencia da ocupación efectuada da porción da súa finca situada fora de aliñación en Soigrexia, Os Ánxeles, na cantidade de 5.315,14 €.
- 26.10.12.- Ordear a paralización das obras que se están a realizar consistentes na reconstrución de muro en Coruxido, nº 8, sen contar coa preceptiva licenza municipal.
- 26.10.12.- Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras de substitución de muro de peche no Lugar de Romarís.
- 26.10.12.- Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras realizadas no lugar de Beca.
- 29.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.414,50 euros (Telefónica España).
- 30.10.12.- Pago nóminas mes de outubro.
- 30.10.12.- Pago gratificacións a un laboral.
- 30.10.12.- Pago gratificacións a un funcionario.
- 30.10.12.- Abono diferenza de complemento específico ao interventor accidental, José A. Bouzas Neo.
- 30.10.12.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.
- 30.10.12.- Requirimento a uns veciños para que limpen as súas fincas sitas en Souto.
- 31.10.12.- Imposición a un veciño dunha multa coercitiva de 1.000 €, como consecuencia do incumprimento da demolición das obras de construción dun muro no lugar de Guisande.
- 31.10.12.- Inicio expediente de limpeza en Gronzo.
- 31.10.12.- Inicio expediente de limpeza en Cirro.
- 31.10.12.- Requirimento a un veciño para que limpe a súa finca sita en Aguiar.
- 31.10.12.- Requirimento a un veciño para que limpe a súa finca sita en Lamiño.
- 02.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.824,96 euros (facturas varias).
- 05.11.12.- Baixa dun veciño no servizo de xantar na casa.

05.11.12.- Imposición a Urban Servicios Inmobiliarios S.L. dunha primeira multa coercitiva, por importe de 1.000 €, por incumprimento do ordeado nos decretos de Alcaldía do 08/06/2012 e 27/07/2012.

05.11.12.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de: supresión de fosas sépticas e conexión destas á rede xeral de saneamento no lugar de Romarís, parroquia de Bastavales.

05.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 239,54 euros (Centyc Europa e CP Agro Novo).

05.11.12.- Autorización de vacacións e concesión de permiso de lactancia a unha funcionaria.

06.11.12.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2012 dun veciño.

07.11.12.- Altas padrón habitantes mes de outubro.

07.11.12.- Baixas padrón habitantes mes de outubro.

07.11.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro de 2012.

07.11.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2012.

07.11.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de outubro 2012.

08.11.12.- Ordenar o ingreso das cantidades retidas nos meses de agosto, setembro e outubro de 2012, por importe de 900 €, dun empregado a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.

08.11.12.- Ordenar o ingreso das cantidades retidas nos meses de xullo, agosto e setembro de 2012, por importe de 360,00 € a unha traballadora a favor da Dependencia Rexional de Recadación da Axencia Tributaria.

08.11.12.- Adxudicar á empresa Galivalia Consulstgo S.L, a execución do contrato de servizos de: consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o Concello de Brión, polo seguinte prezo: 14.507,90 euros/ano, iva incluído.

08.11.12.- Delegar o exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde D. José Pedro Cambón Fernández, desde o día 12 ata o día 16 de novembro de 2012.

08.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 213,94 euros (Centyc Europa).

09.11.12.- Adxudicar a Nós Comunicación a execución do contrato de servizos de: gabinete de comunicación do Concello de Brión, polo seguinte prezo: 17.424 euros, iva incluído.

09.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 8.043,01 euros (Comercial Rivas SL).

09.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.826,72 euros (Mibasa e Probisa).

09.11.12.- Aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo.

09.11.12.- Declarar deserta a licitación para a contratación por procedemento aberto do servizo de máquinas de venda automática no pavillón polideportivo e campo de fútbol de Brión.

09.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.318,25 euros (cota setembro Mancomunidade Serra do Barbanza).

12.11.12.- Iniciar a execución dos traballos de: mantemento dos accesos no lugar de Amañecida-Ardións, parroquia de Luaña, con data de 12 de novembro de 2012.

12.11.12.- Aprobación expediente modificación créditos MC 14/2012.

13.11.12.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 13/2012.

13.11.12.- Devolución do aval bancario da obra: diversas obras de actuación na rede de saneamento municipal, Brión, á empresa Alcomte Galicia SL, por importe de 1.500 euros.

13.11.12.- Devolución do aval bancario da obra: acondicionamento lúdico AR 7 e 8 de Lamiño, Brión, á empresa Alcomte Galicia SL, por importe de 4.230 euros.

14.11.12.- Requirimento a un veciño para que limpe a súa finca sita en Reboredo Grande.

16.11.12.- Aprobación de diversas memorias valoradas e solicitude de subvención á Deputación para a realización das obras por un importe de 39.270,64 €

19.11.12.- Autorización do cambio de investimento solicitado polo concesionario da piscina cuberta.

19.11.12.- Ordenar a unha veciña que proceda a retirar o peche vexetal en Gándara, por ser unha obra sen licenza e non legalizable.

19.11.12.- Imposición a un veciño dunha 3ª multa coercitiva de 1.000 € por incumprimento da orde de demolición na aldea da Gándara.

19.11.12.- Inicio do expediente para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol de herba artificial.

19.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 80.386,32 euros (facturas varias).

20.11.12.- Aprobación do expediente e pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato administrativo especial para a instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol de herba artificial.

20.11.12.- Complementación do decreto do 26/09/2012 de aprobación da conta xustificativa de subvención concedida ao Concello para programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2012.

20.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

21.11.12.- Autorizar ao concesionario da piscina para que inicie os trámites para adaptar a instalación a gas.

21.11.12.- Inicio expediente limpeza en Sabaxáns.

22.11.12.- Inicio expediente limpeza en Gundín.

22.11.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por unha veciña para a limpeza de fincas en Gándara.

22.11.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas en Liñares.

22.11.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas en Gándara.

22.11.12.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 23 de novembro.

22.11.12.- Iniciar a execución das traballos de: mantemento dos accesos no lugar de Lamiño, con data de 22 de novembro de 2012.

23.11.12.- Inicio expediente limpeza fincas en Tembra.

23.11.12.- Convocatoria Comisión Contas a celebrar 27 de novembro e Pleno extraordinario para o 28 de novembro.

26.11.12.- Adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Brión á empresa Sociser Galicia S.L.

26.11.12.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2012.

- 26.11.12.- Devolución de fianza do contrato de servizo de aluguer de maquinaria 2008 á empresa Hermanos Pico Yañez SL, por importe de 960 €
- 28.11.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.414,50 euros (Telefónica España).
- 28.11.12.- Reducción de percepción nas nóminas duns traballadores pola folga xeral do 14 de novembro.
- 29.11.12.- Incorporación dun veciño no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.
- 29.11.12.- Incorporación dunha veciña no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.
- 30.11.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles.
- 30.11.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- 30.11.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- 30.11.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.
- 30.11.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12-T reguladora da taxa pola subministración de auga.
- 30.11.12.- Aprobar a liquidación da Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de novembro de 2012.
- 30.11.12.- Pago de nóminas.
- 30.11.12.- Contratar o servizo de: *mantemento do ascensor da Casa do Concello*, á empresa Enor, por un importe de 1.408,44 €, ive incluído, durante o prazo dun ano.
- 30.11.12.- Contratar o servizo de: *mantemento do ascensor do CEIP de Pedrouzos*, á empresa Schindler, por un importe de 980,10 €/ano, Ive incluído, durante o prazo dun ano.
- 30.11.12.- Pago de gratificacións a un laboral.
- 30.11.12.- Recoñecemento do 3º trienio a un funcionario.
- 30.11.12.- Devolución da fianza para responder do servizo de asesoría e asistencia técnica en materia de comunicación a Loreto Vázquez Lemos, por importe de 69,90 euros.
- 30.11.12.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra: proxecto básico e de execución de acondicionamento da parcela destinada a piscina cuberta municipal de Brión, á empresa Manuel Rodríguez Lema SL, por importe de 6.355,93 euros.
- 30.11.12.- Aprobación da xustificación presentada pola Asociación Festa do Cabalo da subvención concedida polo importe de 1.200 €
- 30.11.12.- Aprobación da xustificación presentada pola Asociación Caza de Altamira da subvención concedida polo importe de 2.500 €
- 03.12.12.- Altas no padrón de habitantes do mes de novembro.
- 03.12.12.- Baixas no padrón de habitantes do mes de novembro.
- 03.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 529,69 euros (CP Agro Novo e Telefónica).
- 04.12.12.- Nomear á funcionaria Elisa Gómez Ferreiro, como secretaria accidental do Concello durante o día 7 de decembro.
- 04.12.12.- Inicio expediente de desafectación de bens.

04.12.12.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para o mantemento do centro de saúde de Brión 2012.

04.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 366,59 euros (Centyc Europa SL e CP Agro Novo).

05.12.12.- Aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos da praza de auxiliar administrativo da OEP de 2010, composición do tribunal e citación para a realización do 1º exercicio.

05.12.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Gundín.

05.12.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Rial.

05.12.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Cantelar.

05.12.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Brión de Abaixo.

05.12.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas en Gronzo.

05.12.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas en Buio.

05.12.12.- Incorporación dun veciño ao servizo de axuda no fogar persoas dependentes.

07.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 16.978,86 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

07.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.554,30 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

07.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 49.392,43 euros (facturas varias).

07.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de decembro de 2012.

07.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de novembro 2012.

07.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro de 2012.

07.12.12.- Aprobación da xustificación presentada pola Sociedade Deportiva Luaña da subvención concedida polo importe de 2.000 €

07.12.12.- Aprobación da xustificación presentada polo IES de Brión da subvención concedida polo importe de 2.000 €

10.12.12.- Baixa dun veciño no padrón de habitantes.

11.12.12.- Tomar coñecemento da renuncia á subvención concedida á Asociación Carballeira polo importe de 1.000 €

11.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 25.000 euros (subvención explotación piscina 1º semestre).

12.12.12.- Aprobar o listado de familias beneficiarias da terceira fase de distribución de alimentos excedentes da Unión Europea para 2012.

13.12.12.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas en Babenzo.

13.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 8.579,47 euros (Unión Fenosa Comercial).

13.12.12.- Embargo de créditos á empresa Comercial Barcia Pazos S.L. por importe de 374,12 euros.

13.12.2012.- Aprobación conta xustificativa da subvención para: actividades de información, orientación e busca de emprego 2012.

14.12.12.- Modificación da data de celebración da sesión ordinaria do Pleno.

14.12.2012.- Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística en Busto de Frades.

17.12.2012.- Convocatoria comisións informativas e sesión plenaria ordinaria do 21.12.2012.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2013.

Se incorpora neste intre ao Pleno con retraso a Sr^a. Concelleira Pato Magariños.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 17.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

O artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Respecto á coherencia coa regra de gasto, de acordo co artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido.

De acordo co recollido no informe de Intervención de avaliación do cumprimento da regra do gasto para o orzamento xeral para o exercicio 2013, esta Alcaldía propón:

1º) Aprobar o límite de gasto non financeiro para o orzamento do Concello de Brión para o exercicio 2013 por importe de 3.753.425,09 euros.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é unha imposición do Goberno do Estado, que é unha norma que hai que introducir no orzamento, eu abstéñome, porque é unha norma que fai unha imposición e non conduce a nada.

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo co dito polo Sr. Concelleiro pero nós votamos a favor por imperativo legal.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal MIXTO (1) (BNG).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2013 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 17.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercizo económico 2013 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e visto o informe de Intervención, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercizo económico 2013, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de persoal	1.772.651,63 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos	1.720.257,35 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros.....	40.226,76 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	459.281,37 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos reais	224.076,02 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	239.791,49 €
TOTAL:	4.476.284,62 €

ESTADO DE INGRESOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos directos	1.444.488,77 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos	25.000 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.034.434,79 €

CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	1.803.875,62 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais	4.964,84 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais.....	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.	143.520,60 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.	0,00 €
TOTAL:.....	4.476.284,62 €

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2013, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

5º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, e remitilo ao órgano que exerce a tutela financeira da Comunidade Autónoma no prazo de 15 días desde a toma de coñecemento polo Pleno.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que presentamos os orzamentos co convencemento de que non son os mellores orzamentos que poidamos presentar, son os únicos que poidemos presentar, posto que hai unhas baixadas importantes de taxas, impostos indirectos, transferencias doutras administracións, etc.

Engade o Sr. Alcalde que a pesar da redución dos ingresos mantemos todas as actividades que se están a prestar neste momento, e hai que destacar que a Srª Concelleira Vázquez Lamas deixa a dedicación exclusiva, aínda que mantén todas as competencias que tiña, e igualmente as asignacións aos grupos políticos municipais baixan; que a baixada xeral do orzamento é do 11,04% e vimos obrigados a presentalo e aprobalo porque non nos queda máis remedio; temos baixadas espectaculares das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia pero pola crise é o que hai.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que pensamos que non son os mellores orzamentos pero pedimos que se cumpra a estabilidade orzamentaria; manifestamos o noso apoio a este orzamento porque todos debemos tirar para diante e saír desta situación de crise canto antes.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que comentei que no ano 2012 o orzamento era propio dun estado de guerra e agora este orzamento de 2013 é de cando a guerra está a piques de rematar; é un orzamento que é un fiel reflexo da situación actual e obedece ás políticas neoliberais do Estado español, que son políticas intervencionistas ata o máximo e desmontan todos os dereitos e coberturas.

Engade o Sr. Concelleiro que hai datos espectaculares neste orzamento, así se o comparamos co do ano 2009 a caída é do 33% nominal, en termos reais sobre o 50%, isto nos leva a que sexa un orzamento que vale para gasto corrente e persoal e pouquísimo para investimentos reais; queda aceptalo de forma resignada ou levantar a voz é dicir que é unha imposición de xente que anda por aí libre e nós temos que apandar con estes recortes, eu proporía que o grupo de goberno votara en contra e que só se aprobara co voto do grupo municipal do PP, porque sería esperpéntico, pero dada a situación actual isto sería incluso bo para que a xente vexa como está a situación; eu creo que nas institucións deberíamos mostrar o malestar por esta situación e que hai que mostrar indignación polo que está a pasar e por iso o meu voto vai ser en contra, pero si pido por favor que se manteñan as políticas de benestar aínda que haxa que bordear as normas, as institucións deben romper os corsés nos que nos meteron; se que é unha voz discordante neste mundo de cabezas agochadas, quero dar a imaxe de derrotado, pero non vencido, e por todo iso voto en contra.

O Sr. Alcalde sinala que o grupo de goberno debe votar a favor do orzamento que presenta, comparto o que dixo vostede Sr. Espiña, eu digo que a Deputación faga un plan e que sexa para todos, o plan chamado: DTC-94, unha Deputación pata todos os concellos, e que se inclúan as tres grandes cidades da provincia non o entendo; engade que se fai unha rebaixa en actividades deportivas 2012 da Deputación e da Xunta de Galicia importantísima, vemos que sempre pagan os mesmos, pero tamén se me pode dicir que houbo eleccións e gañou quen gañou, creo que isto non se pode aguantar moito tempo, e se isto segue así o Alcalde botará poucos días, non ten sentido vir aquí a asinar as nóminas, se nos quedamos sen competencias e sen cartos non ten sentido vir aquí, posto que incluso cambiouse a preferencia dos gastos, sendo agora os primeiros os intereses e a débeda e despois os gastos de persoal, falouse de fusión de concellos pero foi unha broma, porque pódense prestar servizos asociados sen necesidade de crear novos organismos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 1, pertencente ao grupo MIXTO (1) (BNG).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 29.11.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

Visto o escrito presentado pola empresa Aquafit Gestión S.L. concesionaria do servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión, de data 7 de novembro de 2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 3031, do 22 de novembro, no que expón que a cláusula 11 do prego

de cláusulas administrativas que rexe o contrato asinado con data 26.05.2011 establece a revisión anual das tarifas aplicables aos usuarios en función do IPC dos doce meses anteriores e que debido á situación económica actual e a revisión de tarifas realizada recentemente polo incremento do tipo impositivo do IVE, consideran:

1º) Non aplicar neste intre a suba de tarifas segundo o IPC que lles corresponde, deixando pendente a súa aplicación (sumada á do 2013) para xaneiro de 2014.

2º) Ademais, propoñen a seguinte revisión de tarifas:

- Redución da cota do curso natación bebés: propoñen 10 euros/mes (IVE incluído), unha sesión á semana, motivándoo en que consideran que a cota actual é moi elevada en comparación co resto de servizos, o cal é un freno para a inscrición nesta actividade. Ademais os custos deste servizo non xustifican un prezo tan elevado.

- Creación da cota do desempregado. Dirixida ás persoas desempregadas para o acceso e uso da instalación en horario de mañán, de luns a domingo: 10 euros/mes, sen matrícula, debendo acreditarse a situación de parado mensualmente, motivándoo en que a coxuntura económica e social fai necesario unha cota deste tipo para favorecer o acceso aos servizos deportivos ás persoas que están pasando máis dificultades.

- Ampliación dos servizos para os abonados (individual, familiar e reducido o social): incluír 4 reservas individuais gratuítas de pádel ao mes, motivándoo en que no estudo de viabilidade se estimaba que o 2º ano se alcanzarían os 975 abonados, sendo as súas previsións un pouco máis pesimistas, estimando 900 abonados, pero a realidade é que na actualidade contan con 590 e consideran moi complicado poder alcanzar ese número se non se toman medidas que fagan máis atractivo o concepto de abonado. Esta incorporación de servizos á cota de abonado cremos que é unha medida que pode axudar a mellorar a demanda xa que, de non ser así, non terían máis remedio que solicitar desequilibrio económico.

- Creación dunha única cota para abonados de reserva pádel: 2,24 euros todo o día, eliminando a tarifa punta existente, motivándoo en que esta cota sería para aqueles abonados que desexen facer máis reservas de pádel das incluídas no abono e, ao mesmo tempo, se toma como referencia a cota valle, eliminando a de horario punta, de prezo maior, o cal é unha mellora do servizo.

- Cota de entrada adultos, que inclúa todos os servizos: piscina, ximnasio e reserva pádel: 5,50 euros, eliminando as tarifas actuais de pádel para non abonados, motivándoo porque consideran que para facilitar a comprensión do concepto de tarifa única para os servizos e para evitar problemas de control de usuarios, se fai necesaria a revisión da tarifa de entrada adultos. Propoñen que coa entrada libre adulto se poida acceder a todos os servizos: piscina, ximnasio e pádel; por outra banda o incremento do prezo da cota de entrada libre permitirá que se valore de xeito positivo o concepto de abonado, que é o que fai viable a explotación dunha instalación deste tipo.

- Se eliminan as bonificacións dos cursos de iniciación e perfeccionamento para abonados, fixando os prezos xa coa bonificación aplicada do 30% que tiñan.

Considerando que o concesionario ten dereito por contrato á revisión das tarifas consonte ao previsto no art. 78.3 da Lei de contratos do sector público (LCSP), actual art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLSP), polo importe do 85% da variación experimentada polo IPC logo de transcorrido un ano desde a formalización do contrato.

Considerando que o concesionario indica que dada a actual situación de crise prefire non aplicar neste momento a revisión de prezos, senón unha serie de pequenas modificacións da tarifa, que nalgúns casos supoñen a percepción dun importe menor con respecto aos prezos actuais, así o curso de natación de bebés que custaba 18,52 euros/mes pasa a 8,27 euros/mes, os desempregados cuxa cota custaba 15,74 euros/mes pasa a custar 10 euros/mes, sen matrícula, se amplían os servizos para os abonados, se crea unha cota única para abonados para reserva de padel de 2,24 euros todo o día, eliminando a tarifa punta, estando anteriormente establecido os seguintes prezos: Sesión de padel:- Padel hora valle: 1,85 euros/persoa abonada. Persoa non abonada: 2,78 euros.- Padel hora punta: 2,78 euros/persoa abonada. Persoa non abonada: 4, 17 euros. Valle: de luns a venres ata as 18:00 horas.Punta: Resto das horas e fin de semana e festivos; eliminándose as tarifas actuais de pádel para non abonados, se incrementa a cota de entrada adultos (libre), que pagaban 3,52 euros, pasando a pagar 5,50 euros pero incluíndo todos os servizos: piscina, ximnasio e reseva pádel, e se modifica a ordenanza (art. 6) eliminando a bonificación para abonados a cursos que era do 30% posto que se establecen os prezos aplicándolles xa esa bonificación.

Considerando esta Alcaldía que a proposta é axeitada no actual momento de crise económica posto que sen incrementar todos os prezos consonte co 85% do IPC do ano desde a formalización do contrato, se incrementan a instancia do concesionario soamente algúns que son os anteriormente especificados, que considera o mesmo necesario, se ben tamén hai reducións de prezos e ampliación de servizos, que se considera por esta Alcaldía que non poden afectar ao equilibrio económico da concesión, posto que a mesma é a risco e ventura do concesionario e non están os prezos impostos polo Concello e por outra banda cando se revisen as tarifas consonte co disposto no contrato se terán en conta as modificacións de tarifas realizadas, de xeito que non sexa superior a ese 85% do IPC, vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, publicada no BOP núm. 155, do 16.08.2011 e modificación publicada no BOP 153, do 13.08.2012, nos seguintes termos:

1.1-. Se modifican as tarifas 1, 2, 3, 4 e 5 apartados A e B, do apartado 2 do artigo 5º que pasan a ter a seguinte redacción:

1. COTA DE ENTRADA (MATRÍCULA):

Se engade o seguinte apartado:

-. Desempregados: Non pagan matrícula.

2. ABONADOS:

Se engade un novo apartado coa seguinte redacción:

-. Dentro dos colectivos desfavorecidos, se establece un novo subapartado:

-. Desempregados:10 euros/mes, para o acceso e uso da instalación en horario de mañán de luns a domingo. Deberán acreditar mensualmente ante o concesionario non ter causado baixa nos servizos correspondentes dos servizos de emprego competentes.

3. NON ABONADOS:

Se modifica o primeiro apartado que se substitúe polo seguinte:

- Entrada individual adulto piscina: 5,50 euros, que inclúe os servizos de piscina, ximnasio e reserva padel.

4. PADEL.

O apartado 4.1. se substitúe polo seguinte texto:

4.1. Sesión de pádel: Cota abonados reserva pádel: 2,24 euros/hora durante todo o día.

Os abonados nas modalidades individual, familiar e reducido o social disporán de 4 reservas individuais gratuitas de pádel ao mes.

5. ACTIVIDADES ACUÁTICAS:

O apartado A se modifica nos seguintes termos:

A-. CURSOS DE NATACIÓN PISCINA (pago suplemento mes por unha sesión á semana):

- Iniciación: 6,48 euros.

- Perfeccionamento: 6,48 euros.

O apartado B se modifica nos seguintes termos:

B-. CURSOS DE NATACIÓN BEBÉS: 8,27 euros/mes, unha sesión á semana.

1.2.- Se modifica deixándoo sen contido o artigo 6 da ordenanza.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que desde o principio nós opuxémonos á piscina porque víamos que non ía ser viable, pola cercanía da de Bertamiráns e polo número escaso de usuarios, non por nada contra o Alcalde; xa feita non queda máis remedio que seguir adiante para que se preste o servizo aos veciños e menos custe para o Concello, non sabemos se estas medidas serán eficaces, imos votar a favor, pero que hai que controlar á empresa para que cumpra o contrato e non abandone o servizo e remata sinalando que en todo o que poidamos apoiar votaremos a favor.

O Sr. Alcalde sinala que eu vexo o tema pola parte positiva, que hai unha baixada de prezos, que se pretende buscar máis abonados e que como se dixo na comisión informativa é a empresa a que fai isto, que non o impón o Concello, e por iso parécenos unha moi boa nova para os veciños.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2013 (POS 2013).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2013 remitida pola Excmª. Deputación Provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de mantemento de beirarrúas na parroquia de Brión e Os Ánxeles, Concello de Brión.	35.485,00	2.265,00	37.750,00
Proxecto de mantemento de estradas Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira no Concello de Brión.	57.943,70	27.626,88	85.570,58
SUBTOTAL OBRAS	93.428,70	29.891,88	123.320,58

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	140.143,03
---	------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto
-----------------------------	-------------------	-----------------	-------------------

			total
SUBTOTAL OBRAS	93.428,70	29.891,88	123.320,58
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	140.143,03		140.143,03
TOTAL	233.571,73	29.891,88	263.463,61

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña autorización para realizar por administración as obras de:

-. Proxecto de mantemento de beirarrúas na parroquia de Brión e Os Ánxeles, Concello de Brión e Proxecto de mantemento de estradas Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira no Concello de Brión, que se entenderá aceptada se esta se producira efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REGULAMENTO DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NAS ACTIVIDADES E SERVIZOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E LICENZA DE APERTURA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 04.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

A Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa transposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; asemade, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, e o RDLei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que implica unha importante modificación do réxime de control das actividades polos concellos.

Como consecuencia desta normativa resulta preciso establecer un regulamento que regule as actividades e os procedementos aplicables ás declaracións responsables e comunicacións previas.

Confeccionado o regulamento e visto o informe de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o seguinte regulamento:

REGULAMENTO DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NAS ACTIVIDADES E SERVIZOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E LICENZA DE APERTURA.

Artigo 1. Obxecto.

Esta ordenanza regula os procedementos de intervención administrativa municipal no exercicio de servizos e actividades de contido económico que se desenvolvan no municipio de Brión.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou de servizos está suxeito aos requisitos de comunicación previa, declaración responsable ou licenza de apertura.

Artigo 3. A comunicación previa.

1. A comunicación previa é o documento mediante o que a persoa interesada pon en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para iniciar ou desenvolver un servizo ou actividade.

2. A comunicación previa conterá:

- a) O nome e apelidos, número do DNI, teléfono, enderezo postal e, se é o caso, enderezo electrónico da persoa interesada.
- b) A ubicación do local ou establecemento da actividade.
- c) A descrición do servizo ou actividade e a superficie do local.
- d) Se é o caso, póliza de seguro de responsabilidade civil derivada do desenvolvemento da actividade.

Artigo 4. A declaración responsable.

1. A declaración responsable é o documento suscrito pola persoa interesada en que manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos esixidos para iniciar un servizo ou actividade, que se compromete a manter ese cumprimento mentres a desenvolva, e que dispón da documentación que o xustifica.

2. A declaración responsable conterá, á parte dos datos esixidos no artigo anterior para a comunicación previa, a manifestación da persoa interesada, baixo a súa responsabilidade, de que vai desenvolver o servizo ou actividade con suxeición á lexislación vixente e que o local ou establecemento cumpre a normativa urbanística e sectorial aplicable.

3. A declaración responsable xuntará documentación técnica, suscrita por profesional competente, con:

a) Memoria que describa as características do local e do servizo ou actividade, e xustifique o cumprimento da normativa urbanística e sectorial aplicable.

b) Planos de emprazamento en cartografía oficial do PXOM, de planta con situación de instalacións e maquinaria, e de alzado.

Artigo 5. Incumprimento da normativa e deficiencias da documentación.

1. O incumprimento dos requisitos sinalados pola normativa aplicable determina a imposibilidade de iniciar ou continuar exercendo a actividade de que se trate.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión relevante en calquera dato, manifestación ou documento que se acheguen coa comunicación previa ou a declaración responsable, ou a falta de presentación perante o Concello de calquera delas, determina a imposibilidade de desenvolver o servizo ou actividade de que se trate.

3. A resolución administrativa que declare esa circunstancia tamén pode requirir á persoa interesada para que repoña a situación física e xurídica previa ao inicio da actividade.

Artigo 6. Comprobación da documentación e inspección do servizo ou actividade.

1. O Concello comprobará os datos da comunicación previa ou da declaración responsable, así como a documentación técnica achegada coa finalidade de comprobar que se axustan á normativa aplicable. No tocante á subsanación de deficiencias rexe o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Se a documentación é correcta ou trala súa subsanación, os técnicos municipais realizarán a inspección do establecemento para comprobar que este se axusta a ela e á normativa aplicable, do que estenderán a correspondente acta. Esta inspección débese realizar no prazo máximo de tres meses.

3. O resultado desfavorable da inspección determina a imposibilidade de iniciar ou de continuar coa actividade de que se trate.

Artigo 7. Iniciación do servizo ou actividade.

1. A persoa interesada pode iniciar a actividade trala presentación da comunicación previa ou declaración responsable. A comunicación previa tamén se pode presentar no prazo de quince días seguintes ao inicio da actividade.

2. Se fose necesaria a licenza de obras, esta solicitarase simultaneamente á presentación da comunicación previa ou da declaración responsable e tramitarase con suxeición á normativa urbanística aplicable.

Artigo 8. Transmisión de titularidade de servizos e actividades.

A transmisión da titularidade de actividades débese poñer en coñecemento do Concello por medio dunha comunicación previa, na que conste:

- a) A identificación da actividade e do título que lexitima o seu desenvolvemento.
- b) O consentimento da persoa transmitente.
- c) O título que lexitima o desenvolvemento da actividade.
- d) A inexistencia de modificacións no establecemento e na actividade.

Artigo 9. A licenza de apertura ou actividade.

A licenza de apertura ou de actividade tramítase con suxeición á normativa urbanística e sectorial aplicable, e resólvese simultaneamente coa licenza de obras, se esta fose necesaria.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Coruña e transcorrido o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

ANEXO I.

ACTIVIDADES QUE REQUIREN COMUNICACIÓN PREVIA.

1. Actividades comerciais e de servizos que se desenvolven en establecementos ou locais cunha superficie construída de ata 100 m².
2. Actividades profesionais que se desenvolven en establecementos ou locais cunha superficie construída de ata 100 m².
3. Oficinas, locais ou establecementos pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolvan actividades mercantís ou industriais.
4. Actividades industriais, obradoiros artesanais ou industriais cunha superficie construída de ata 100 m². e unha Qs (carga de lume) igual ou < a 42 MJ/m².
5. Actividades de almacén de obxectos e materiais en establecementos ou locais cunha superficie construída de ata 100 m²., agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, pinturas, vernices e neumáticos.

6. Actividades agropecuarias excluídas do procedemento de avaliación ambiental (Anexo III do Decreto da Xunta de Galicia 133/2008, do 12 de xuño).

7. Cambios de titularidade de servizos ou actividades.

ANEXO II.

ACTIVIDADES QUE REQUIREN DECLARACIÓN RESPONSABLE.

1. Actividades comerciais e de servizos que se desenvolven en establecementos ou locais cunha superficie construída de 101 a 300 m². e ata 15 Kw de potencia mecánica instalada.

2. Actividades profesionais que se desenvolvan en establecementos ou locais cunha superficie construída de 101 a 300 m².

3. Aparcadoiros e exposición de automóbiles ao aire libre sen límite de prazas nin de superficie.

4. Garaxes de uso privado con capacidade de ata 5 prazas que non fosen autorizados previamente por licenza de obra.

5. Actividades de almacén de obxectos e materiais en establecementos ou locais cunha superficie construída de 101 ata 300 m²., agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, pinturas, vernices e neumáticos.

ANEXO III.

ACTIVIDADES QUE REQUIREN LICENZA DE APERTURA.

1. As actividades suxeitas a avaliación de incidencia ambiental, efectos ambientais ou impacto ambiental consonte a normativa de protección de medio ambiente.

2. As actividades incluídas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas, agás os teatrais e musicais, actividades culturais e sociais, e festas populares.

3. As actividades de comercio minorista e asimiladas do Rdl 19/2012, do 25 de maio, que se desenvolvan en establecementos cunha superficie construída superior a 300 m².

4. Actividades que esixan informes sectoriais en materia de sanidade ou de protección do patrimonio histórico, ou que signifiquen unha utilización especial ou privativa do dominio público.

5. Actividades excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro.

ANEXO IV.

Modelo de comunicación previa.

D./Da..... (nome e apelidos ou razón social),
NIF/CIF....., con enderezo para notificacións teléfono
.....correo electrónico.....,

EXPOÑO que vou desenvolver a actividade de nun local de m2. de superficie situado en e que cumpro a normativa legal aplicable.

Sr. alcalde do Concello de Brión.

NOTA INFORMATIVA. O artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a falta de presentación destas perante a Administración competente, determinarán a imposibilidade de continuar o exercicio do dereito ou da actividade afectada des que se teña constancia desas circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades que procedan. A resolución do Concello que declare que concorren aquelas circunstancias pode obrigar á persoa interesada a restituír a situación xurídica ao momento previa ao recoñecemento do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos desta comunicación trataranse de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Brión. Tocante a eles poderá exercer por escrito os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición.

ANEXO V.

Modelo de declaración responsable.

D./Da (nome e apelidos ou razón social),
NIF/CIF..... con enderezo para notificacións..... teléfono
correo electrónico.....,

PRESENTO DECLARACIÓN RESPONSABLE de que vou desenvolver a actividade de nun local dem2. de superficie situado en e que cumpro a normativa legal aplicable.

Achego a seguinte documentación:

- a) Memoria descritiva das características do local e do servizo ou actividade, e que xustifique o cumprimento da normativa urbanística e sectorial aplicable.
- b) Planos de emprazamento en cartografía oficial do PXOM, de planta con situación de instalacións e maquinaria, e de alzado.

Sr. alcalde do Concello de Brión.

NOTA INFORMATIVA. O artigo 71bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou

documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a falta de presentación destas perante a Administración competente, determinarán a imposibilidade de continuar o exercicio do dereito ou da actividade afectada des que se teña constancia desas circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades que procedan. A resolución do Concello que declare que concorren aquelas circunstancias pode obrigar á persoa interesada a restituír a situación xurídica ao momento previa ao recoñecemento do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos desta declaración trataranse de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Brión. Tocante a eles poderá exercer por escrito os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO DUNHA FINCA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 05.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

Visto o escrito asinado por D. Carlos Manuel Rivas García e a súa dona D^a. María Dolores Mouriño Cardeso, con rexistro de entrada no Concello núm. 2950, do 28.11.2011, no que solicitan que polo Concello se lles venda unha finca propiedade do Concello denominada Pedra Aguda.

Resultando que o Concello segundo o inventario de bens municipal é propietario da seguinte finca: Denominación: Pedra Aguda, sita no lugar de Estrar-parroquia de Os Ánxeles-Concello de Brión. Ten unha superficie de unha área e dezaseis centiáreas (116 m2), conceptuándose como ben de dominio público adscrito ao servizo público. Inscrita no Rexistro da Propiedade de

Negreira ao tomo 721, libro 136, folio 94, finca 14542, 1ª inscrición. Nesta finca se atopaba un posto aplicativo de inseminación artificial gandeiro.

Por esta Alcaldía se considera oportuno comezar o expediente para a posterior enaxenación desta finca posto que na actualidade non resulta de utilidade posto que non se presta ningún servizo público desde hai anos e pode supoñer unha fonte de ingresos para o Concello.

Resultando necesario tramitar un expediente de desafectación deste ben de dominio público con carácter previo á tramitación do expediente de enaxenación, e visto o informe de Secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a desafectación do dominio público da seguinte finca propiedade do Concello onde se atopaba un posto aplicativo de inseminación artificial gandeiro: Denominación: Pedra Aguda, sita no lugar de Estrar-parroquia de Os Ánxeles-Concello de Brión. Ten unha superficie de unha área e dezaseis centiáreas (116 m2). Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ao tomo 721, libro 136, folio 94, finca 14542, 1ª inscrición; calificándoa como ben patrimonial.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública polo prazo de un mes en cumprimento do que dispón o artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por RD 1372/1986, do 13 de xuño, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as suxestións ou alegacións que xulguen oportunas; de non habelas o acordo enténdese aprobado definitivamente.

3º) Facultar á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPLEMENTO DE PRESTACIÓNS AO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 14.12.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2012, que transcrita di:

O Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, regula a prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas no seu artigo 9, do seguinte xeito:

1. A prestación económica da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e órganos constitucionais rexirase polo disposto neste artigo.

2. Cada administración pública, no ámbito das súas respectivas competencias, poderá complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no réxime xeral de Seguridade Social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites:

1.º Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns, durante os tres primeiros días, se poderá recoñecer un complemento retributivo ata alcanzar como máximo o cincuenta por cento das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos inclusive, o complemento que se poida sumar á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas cantidades, se supere o setenta e cinco por cento das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, poderá recoñecerse a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, no seu caso, e das retribucións complementarias.

2.º Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen por cen das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

No apartado 5 sinala: Cada Administración Pública poderá determinar, respecto ao seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cen das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. A estes efectos, se considerarán en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

E no apartado 7 sinala que así mesmo, se suspenden os acordos, pactos e convenios vixentes que contradigan o disposto neste artigo, e segundo a Disposición transitoria 15ª as previsións contidas no artigo 9 relativas ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas acollido ao réxime xeral da Seguridade Social serán desenvoltas por cada Administración Pública no prazo de tres meses desde a publicación deste Real Decreto-lei, prazo a partir do cal surtirá efectos en todo caso.

Considerando necesario esta Alcaldía regular as prestacións nos casos de incapacidade laboral transitoria do persoal do Concello posto que o convenio do persoal laboral se atopa suspendido neste aspecto por ministerio da lei e para o persoal funcionario a normativa dos funcionarios da administración do Estado resultou igualmente modificada pola D. Adic. 18ª deste Decreto-lei e pola derogación polo mesmo da D. Adic. 6ª da Lei 26/2009, de 23 de decembro, previo informe favorable dos representantes sindicais do persoal funcionario e laboral do Concello, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar os complementos retributivos en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social correspondente ás situacións de incapacidade temporal (IT), conforme ás seguintes normas:

1. Aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións desde a data de inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias profesionais e polas continxencias comúns que xeren:

- Hospitalización. Neste caso, cando a situación de IT teña comezado antes da hospitalización e esta teña orixe no mesmo proceso patolóxico aboarase o 100% das retribucións desde o inicio da IT.
- Intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria.
- Lesións graves ou enfermidades incapacitantes (entendendo por tales as lesións muscoesqueléticas ou óseo-musculares que imposibiliten notablemente a mobilidade).
- Enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.
- Enfermidade común durante o embarazo.

2. Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

a) Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.

b) Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.

c) A partir do día vinte e un aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.

3. As referencias a días incluídas no presente acordo entenderanse realizadas a días naturais.

2º) O presente acordo entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa adopción.

3º) Mediante resolución da Alcaldía resolveranse as cuestións de interpretación e desenvolvemento que se susciten en relación coa aplicación do contido do presente acordo.

4º) Ordenar a publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

11º) MOCIÓNS.

Apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1º) MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE REVOGACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Dada conta da moción da Alcaldía do 18.12.2012, que transcrita di:

A concelleira D^a. Patricia Vázquez Lamas ven desempeñando o cargo de concelleira desta Corporación neste mandato en réxime de dedicación exclusiva en virtude do acordo do Pleno do 17 de xuño de 2011.

Por resolución desta Alcaldía do 13 de xuño de 2011 efectuouse delegación xenérica de servizos a favor desta concelleira nas seguintes áreas: 1) Cultura, Xuventude e Promoción Económica e 2) Muller e Servizos Sociais, ostentando tamén a delegación da sinatura desta Alcaldía dos visto e prace dos certificados expedidos por Secretaría, nos termos establecidos na resolución desta Alcaldía do 17.11.2011.

Informado das circunstancias persoais e laborais pola propia concelleira e resultando que a mesma vai seguir prestando as mesmas funcións e atribucións que ostenta na actualidade.

Visto o disposto no art. 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 13 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e art. 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Revogar o acordo do Pleno do 17 de xuño de 2011 de dedicación do cargo pola concelleira D^a. Patricia Vázquez Lamas en réxime de dedicación exclusiva por circunstancias persoais e laborais da mesma, así como todos os dereitos económicos que desta se derivan, con efectos do 31 de decembro de 2012, data na que causará baixa na Seguridade Social.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

3º) Publicar extracto do mesmo na taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que quere agradecer publicamente o traballo desenvolto pola concelleira, pero que a medida ven motivada pola situación económica actual.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra:0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFUIZAMENTOS.

Dada conta da moción referenciada que transcrita di:

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pon diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e persoas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Tamén, mesmo, no noso Concello se teñen dado algúns casos.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado

De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixentes nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras.

O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas lexislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema.

Por todo isto, o grupo municipal Mixto (BNG) solicita do Pleno da Corporación de Brión a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:

- Contemplar a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
- Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
- Contemplar moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
- Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
- Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.
- Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.

2º) Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:

- Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.

3º) Instar á Xunta de Galiza á

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

4º) Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5º) Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos que xa ocorriran ou poida ocorrer no noso Concello.

- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias do concello e solicitar a paralización dos que estean en marcha.

- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo co fondo da moción, soamente pido que para poder aprobala nós, se suprima o apartado dispositivo 5º) referente á creación dunha comisión especial por dúas razóns: O Alcalde comprométese a que se coñece calquera caso convocarei a todos os portavoces para falar entre todos, e ademais porque estou seguro de que non nos van dar eses datos ningún banco e se os ameazamos estamos ben fastidiados.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que acepto a emenda in voce de supresión presentada pola Alcaldía.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non a imos aprobar, pero que é certo que inflúen moitos factores, que hai que poñerse en todos os lados da vara, que hai que mirar todo con lupa; me consta que se fixo o RD 6/2012, de medidas urxentes de protección; en Galicia se fixo unha nova lei de vivenda e a nivel estatal houbo reunións recentemente para adoptar medidas, se está a traballar para iso, en Madrid é onde deben legislar e cambiar a lei hipotecaria.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o espírito da moción é chamar a atención para que quen teña que cambiar a lei a cambie, porque a Constitución modificouse en tres días, e que o Tribunal Supremo está a dicir que hai que tomar medidas porque os aumentos de desafiuzamentos son excesivos e a lei é terrorífica.

O Sr. Alcalde sinala que é unha aberración total que lle leven a un a casa e siga debendo, non o entendo, que teñen que cambiar a lei.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción coa emenda de supresión do apartado dispositivo 5º.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde sinala que quere facer dous comentarios, no sentido de que en solidariedade co persoal do Concello que non percibirá a paga extra, consonte co acordo plenario do mes de outubro os concelleiros con dedicación renunciamos a unha parte da paga extra, e que nos medios de comunicación saíu que non fixemos nada o día contra a violencia de xénero, a este respecto hai que dicir que sí fixemos, que fixemos unha exposición no centro social polivalente de cartas de amor entre artistas contra a violencia de xénero, á que podía ir calquera veciño e remata sinalando que quere agradecerlles a todos o traballo ben feito no ano 2012 desexando a todos un bo ano 2013.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.